

MATERIA
Historia de Roma

TITULACIÓN
Grao en Filoloxía Clásica

unidade
didáctica
2

A Monarquía

Ana M^a Suárez Piñeiro

Área de Historia Antiga
Departamento de Historia I
Facultade de Xeografía e Historia

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Humanidades

DESCATALOGADO

Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2015

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
da Universidade de Santiago de Compostela
usc.es/publicacions

ISBN

978-84-16533-41-1

DOI

<http://dx.doi.org/10.15304/9788416533411>

MATERIA: Historia de Roma

TITULACIÓN: Grao en Filoloxía Clásica

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. As orixes de Roma

Unidade II. A monarquía

Unidade III. A República

Unidade IV. O Alto Imperio

Unidade V. O Baixo Imperio



ÍNDICE

1. PRESENTACIÓN

2. OBXECTIVOS

3. CONTIDOS

1. Introducción: contexto inicial
2. Os reis
 - 2.1. Consideracións xerais
 - 2.2. Os primeiros reis
 - 2.2. Os reis etruscos
3. Institucións de goberno
4. Sociedade

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

5. AVALIACIÓN

6. BIBLIOGRAFÍA



1. PRESENTACIÓN

Esta unidade didáctica sobre A Monarquía forma parte da materia Historia de Roma (G5071502) que está integrada no módulo Historia, arte e pensamento grecorromanos. Corresponde á titulación do Grao en Filoloxía (materia ordinaria Grao RD 1393/2007), posúe carácter obrigatorio e cúrsase no primeiro ano (1º curso), no segundo cuatrimestre.

Esta materia consta de 6 créditos e supón, polo tanto, 150 horas de dedicación total por parte do alumnado. Estas horas repártense entre o traballo na aula e o labor autónomo do alumnado, da seguinte maneira.

- Traballo presencial: 51 h.
 - Docencia expositiva: 32 h.
 - Docencia interactiva: 16 h.
 - Tutorías personalizadas: 3 h.
- Traballo autónomo (estudo, lecturas, elaboración de traballos, preparacións de exposicións orais, etc.): 99 h.

Historia de Roma organízase en cinco unidades, segundo un criterio cronolóxico. A unidade que aquí se presenta, A Monarquía, é a segunda e para impartila prográmanse 8 horas de clase, distribuídas en 6 sesións de 1 hora de duración cada unha delas.

UNIDADE 1: As orixes de Roma

UNIDADE 2: A Monarquía

UNIDADE 3: A República

UNIDADE 4: O Alto Imperio

UNIDADE 5: O Baixo Imperio

Partindo, pois, dunha estruturación cronolóxica da materia, esta unidade insírese despois da lección inicial, na que estudamos as orixes de Roma. Cómpre coñecer ben o marco no que se vai desenvolver e vai propiciar a aparición da cultura romana: o Lacio primitivo e os pobos de Italia. En particular, unha destas comunidades terá un papel decisivo neste proceso, polo que nos deteremos máis no seu estudo, a etrusca.

A continuación abórdase xa a propia fundación de Roma que, ante a escaseza de fontes, se afunde na lenda e no mito. Neste punto discutirase a fidelidade deste tipo de fontes co relato histórico para tratar de facer compatibles a mitoloxía e a historia. Sabemos que Roma nun principio xorde dunha simple aldea no Palatino; este será o noso punto de partida.

Nesta unidade dedicada á Monarquía coñeceremos os factores que permitirán que Roma, constituída inicialmente coma un pequeno reino no centro do Lacio, ao igual ca outras cidades similares da súa contorna, acabe impoñéndose sobre todas as comunidades veciñas. En consecuencia, nesta etapa Roma comeza a cimentar as bases que conformarán o seu poder, así como a conquista do territorio, nesta fase no seu marco inmediato, a rexión do Lacio.

Esta unidade didáctica é continuada pola República, de maneira que aquí se explica tamén a fin do réxime monárquico e preséntase o contexto que permite entender a chegada do novo sistema político.

2. OBXECTIVOS

Dentro do conxunto da materia establécense unha serie de obxectivos **xerais** que a continuación se relacionan.

Obxectivo 1: coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento da antiga Roma.

Obxectivo 2: comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social e económico, cultural ou relixioso.

Obxectivo 3: identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da antiga Roma.

Para contribuír a acadar estes fins, de maneira particular nesta unidade perséguense unha serie de obxectivos **específicos** que aquí se indican.

Obxectivo 1: coñecer o marco xeográfico e cronolóxico de desenvolvemento de Roma durante a fase monárquica.

Obxectivo 2: comprender os aspectos esenciais da Historia de Roma durante a Monarquía nos seus diversos ámbitos: político e institucional, social ou relixioso.

Obxectivo 3: identificar as fontes primordiais (textuais e arqueolóxicas) para reconstruír a historia da Roma monárquica.

3. CONTIDOS

A unidade didáctica está composta de catro apartados:

1. **Introdución: contexto inicial**
2. **Os reis**
 - 2.1. Consideracións xerais
 - 2.2. Os primeiros reis
 - 2.3. Os reis etruscos
3. **Institucións de goberno**
4. **Sociedade**

1. Introdución: contexto inicial

Para esta etapa da historia de Roma, que supón o inicio da súa conformación política, contamos con moi poucas fontes de estudo. Os autores de referencia son Tito Livio, con *Ab urbe condita*, e Dionisio de Halicarnaso (*Antigüidades romanas*) que escriben en tempos moi afastados da época tratada (s. I a. C.). Nestas circunstancias, a arqueoloxía resulta clave para poder reconstruír a evolución histórica.

A monarquía cobre un espazo temporal de aproximadamente 250 anos; segundo a tradición do 753 ao 509 a. C. (aínda que adoptamos estas datas só como referencias convencionais).

Nas súas orixes, Roma era só unha aldea de pastores que vivían no alto do Palatino, outeiro próximo a un vado que permitía atravesar o río Tíber, paso natural desde Etruria á chaira latina.

A pesar de que se trata dun tema aberto e que cambia grazas aos achados arqueolóxicos, hoxe pensamos nun proceso paulatino de fundación da cidade: o núcleo orixinario estaría no Palatino (segundo establece F. Coarelli nas máis recentes pescudas arqueolóxicas) e a súa base económica no Foro Boario. A partir deste núcleo primitivo, o poboamento estenderíase polas ladeiras dos outeiros próximos: Capitolino, Quirinal, Viminal, Aventino, Esquilino e Celio.

2. Os reis

2.1. Consideracións xerais

Non hai dúbida en aceptar a tradición de que a forma política orixinaria foi a realenza. Moita máis incerterza temos para aceptar a lista de reis tradicionais, que contén unicamente sete nomes, e os feitos que corresponderían con cada mandato. Estes monarcas son presentados polas fontes como responsables dunha política continuísta e progresiva que marca o crecemento de Roma. Cada rei sería responsable do seu afianzamento político e da súa expansión territorial (de xeito que practicamente cada un conquistaría un outeiro), nun período marcado polo desenvolvemento constante do reino. Ademais, algún reinado vese adornado por relatos lendarios co obxecto de engrandecer aínda máis os logros dos seus protagonistas.

En principio, parecen moi poucos monarcas para un período de tempo tan longo, arredor de 250 anos. Tamén resulta cuestionable a atribución de funcións que se fai de cada rei, así como de logros progresivos nunha secuencia case perfecta, ou a intromisión de monarcas non propiamente romanos coma os sabinos.

Neste sentido, na historiografía actual pódense distinguir dúas tendencias: unha hipercrítica, que tende a rexeitar a información ofrecida pola tradición; e outra, hipocrítica, que opta por asumir, en esencia, o relato dos autores clásicos. No punto medio, nos últimos anos, cobra auge a postura daqueles que propoñen aceptar os datos que a literatura contén, sempre que estes non contradigan os arqueolóxicos.

Dentro da primeira tendencia, algúns autores cuestionan o noso coñecemento sobre, ante todo, os dous primeiros séculos do período monárquico. En particular, o especialista na Roma arcaica Jacques Poucet dubida da credibilidade da tradición analística (Dionisio ou Livio) como fonte de coñecemento para as orixes de Roma. Segundo este autor, a información que transmite a analística debe ser confirmada por outras fontes para considerala válida.

Pola contra, dentro da posición hipocrítica, e como exemplo extremo, hai quen procura avalar a existencia mesmo do propio Rómulo, e o seu papel na fundación de Roma, a través da busca da mítica cova de Rómulo e Remo no Palatino, caso do profesor A. Carandini.

Por último, tamén hai voces que defenden a credibilidade das fontes textuais, facéndoas compatibles con outros recursos como a arqueoloxía ou a onomástica e a toponimia para completar o relato histórico. Nesta perspectiva intermedia situaríanse os últimos estudos de Martínez-Pinna, quen propón non excluír ningunha fonte e buscar en todas os elementos comúns.

En suma, non podemos dudar da existencia de reis en Roma desde mediados do século VIII. Non obstante, non podemos asegurar que fosen necesariamente os nomes que nos ofrece a tradición, nin nese número nin con eses perfís. As noticias referidas aos últimos tres presentan maior historicidade. Exceptuando Rómulo, autores como Martínez-Pinna defenden incluso a historicidade básica do resto da información.

Partindo destes presupostos iniciais e coa prevención necesaria, a continuación faremos o relato dos reinados tal e como as fontes tradicionais os presentan.

Lista tradicional de reis romanos (753-509)

reinado	monarca
753-716	Rómulo
716-673	Numa Pompilio
673-641	Tulo Hostilio
641-616	Anco Marcio
616-578	Tarquinio Prisco
578-534	Servio Tulio
534-509	Tarquinio <i>o Soberbio</i>

2.2. Os primeiros reis

Rómulo

A Rómulo, como mítico fundador, corresponderíalle abrir o camiño exitoso de Roma fixando os límites sagrados da cidade no Palatino e creando as primeiras institucións: tribos (Ramnes, Tities, Luceres), curias e Senado. Tamén se lle atribúe incrementar a poboación mediante a construción dun asilo no Capitolio para atraer emigrantes e co rapto das mulleres dunha comunidade veciña, as sabinas.

Aquí a lenda entra de cheo no relato. Segunda esta, Rómulo, ante a falta de mulleres, congrega todos os pastores dos pobos veciños nunha celebración deportiva e os romanos aproveitan o evento para raptar as esposas e fillas dos sabinos que os acompañaran ata a cidade. Os sabinos, clamando vinganza, acurralan os romanos e

antes de producirse o enfrontamento final, este é evitado pola mediación das súas mulleres.

Esta narración pódese interpretar no contexto dos primeiros tempos dunha Roma que vía como afluían homes á nova cidade, pero non mulleres, polo que se estaba a producir un desequilibrio demográfico que era preciso resolver. O máis probable é que se alcanzase algún tipo de acordo entre os dous pobos para salvar a crise demográfica dunha Roma maioritariamente composta de varóns, a cambio dalgunha contrapartida (como podería ser a do socorro militar en caso de perigo).

Respecto á extensión territorial da cidade, Roma medraría desde o Palatino ata o Monte Capitolino e o Monte Quirinal.

A fin de Rómulo fai honor a súa orixe, e afúndese de novo na narración fabulosa. Segundo antigas lendas, o primeiro monarca romano desaparecería durante unha treboada, sendo levado ao ceo para converterse no deus da guerra, Quirino...

Numa Pompilio

A Rómulo sucedeuno o sabino Numa Pompilio, a quen as fontes salientan pola súa piedade relixiosa. El sería o responsable de instaurar a relixión de Estado: calendario, rituais ou sacerdocio.

Tulio Hostilio

En contraste co pacífico reinado do seu predecesor, os autores clásicos fan fincapé na intensa actividade militar protagonizada por este monarca: guerra civil con Alba Longa e enfrontamentos contra a poderosa cidade etrusca de Veies e contra os sabinos.

Ao seu reinado correspóndelle tamén un relato mítico. Neste caso trátase do enfrontamento entre os Horacios e os Curiacios para decidir a sorte da guerra civil, sen derramamento de sangue, entre dous pobos irmáns: Alba Longa e Roma. Para evitar a loita estas dúas cidades acordaran resolver o conflito cun duelo. Os romanos elixiron tres dos seus guerreiros (os irmáns Horacios), e os albanos fixeron o mesmo (os irmáns Curiacios). A confrontación terminou coa vitoria romana. Á marxe do relato, a arqueoloxía parece confirmar que esta sería una etapa moi complicada para Alba Longa que marcaría a súa incorporación ao dominio romano.

Roma estenderíase a un cuarto outeiro, o Monte Celio, onde Tulio Hostilio levaría o seu palacio.

Anco Marcio

Deste reinado destácanse varias obras construtivas: *Pons Sublicius*, sobre o Tíber, o porto de Ostia, unhas salinas, etc. Con Anco Marcio Roma incorporaría xa o Aventino.

2.2. Os reis etruscos

Tras estes reis iníciase unha etapa de dominación etrusca, a partir do ano 616, que deixará unha pegada indeleble na cultura romana. Durante este período Roma mantén un esplendor económico ininterrompido que se manifesta na construción de grandes obras públicas e nos ricos depósitos votivos dos templos. As nosas fontes son máis abundantes, polo que podemos aspirar a unha mellor reconstrución histórica do período.

No estudo sobre o Foro romano primitivo e republicano F. Coarelli establece as primeiras pavimentacións concentradas no último século rexio. Importantes obras do Foro Boario e do Capitolio, así como a Cloaca Máxima corresponderían tamén a este período etrusco.

Hoxe acéptase que Roma estaba profundamente etrusquizada nesta fase final da monarquía pero non que dependese politicamente dalgunha cidade etrusca. Todos os documentos coñecidos están en latín.

Tarquinio Prisco

As orixes deste monarca son bastante escuras. Procedente da cidade de Tarquinia, chegaría a Roma probablemente atraído polas posibilidades de desenvolvemento que esta ofrecía.

Segundo a tradición, este personaxe logrou destacar na guerra e na política ata o punto de que Anco Marcio o faría rexente e custodio dos seus fillos. Sería a súa capacidade a que faría que os romanos acabasen elixíndoo rei, de xeito que a transición ao novo reinado sería harmoniosa. Non obstante, este relato parece pouco plausible e quizais con el se pretenda agochar as influencias e o poder que os etruscos estarían exercendo nesta época sobre Roma.

Hai quen ve na súa figura o auténtico fundador da *Urbs*, ao consideralo o primeiro rei histórico. De feito, a el se lle atribúe a consolidación de institucións básicas como o Senado ou o exército.

No Senado tería lugar neste momento a inclusión dos *conscripti* (senadores elixidos individualmente), así como das *gentes minores* (os *patres minorum gentium* de Livio). Estas servirían para frear o monopolio de poder que acapararan as *gentes* tradicionais, ou tamén para integrar os novos sectores sociais froito da poboación incorporada polas anexións territoriais.

A arqueoloxía demostra que con Tarquinio Prisco Roma prosperou de maneira clara. Construíu o Circo Máximo, gran recinto ovalado onde se realizaban carreiras de carros. Para facer utilizable o Foro construíría unha cloaca que drenaxe as zonas pantanosas do val (máis tarde foi chamada a Cloaca Máxima). Tamén levaría un gran templo a Xúpiter no Monte Capitolino, que serviu como fortaleza da cidade, o Capitolio.

Por outra banda introduciría unha serie de costumes etruscos, como os xogos atléticos que, co tempo, se converterían en combates entre homes armados (gladiadores), ou o triunfo. Neste sentido, a Tarquinio atribúeselle unha grande actividade conquistadora: ata nove cidades latinas recoñecerían a hexemonía de

Roma, o que suporía un terzo do Lacio. Para celebrar estas vitorias instaurouse o triunfo: o xeneral entraba na cidade con gran pompa, seguido polo seu exército e os prisioneiros capturados. No Capitolio realizábanse servizos relixiosos e o día remataba cunha gran festa. O triunfo era a maior honra que Roma podía outorgarlles aos seus xenerais.

Servio Tulio

Este monarca é unha figura bastante enigmática polo que respecta ás súas orixes e condición. Segundo a tradición, tomaría o poder co apoio de Tanaquil, muller do seu antecesor, e da súa nai, Ocrisia (escrava do palacio real). Pola súa banda, Dionisio cualifícaa de estranxeiro de orixe descoñecida, mentres o emperador Claudio o identifica cun nobre etrusco denominado Mastrana.

Fosen cales fosen as súas verdadeiras orixes, a este monarca lle correspondería realizar cambios de gran relevancia para o desenvolvemento de Roma. De feito, a el atribúeselle a primeira constitución política romana e o seu primeiro censo (dunhas 80.000 persoas para Roma e o seu territorio). A partir deste censo distribuiría a poboación, en función da súa fortuna, en clases para facilitar o recrutamento do exército, posto que cada clase se organizaba nun número diferente de centurias (unidades militares).

Divídese a poboación en 5 *classes*:

1ª Cidadáns que posuían 100.000 ases.

2ª Cidadáns que posuían 75.000 ases

3ª Cidadáns que posuían 50.000 ases

4ª Cidadáns que posuían 25.000 ases

5ª Cidadáns que posuían 11.000 ases

Equites	18 centurias
Pedites: Primeira clase	80 centurias
Segunda clase.....	20 centurias
Terceira clase.....	20 centurias
Cuarta clase	20 centurias
Quinta clase	30 centurias
<i>Proletarii</i>	5 centurias
Total:	193 centurias

A reorganización parece obedecer, ante todo, a un obxectivo militar, posto que a escala establecida se basea na capacidade de defensa dos cidadáns. Desta maneira, por exemplo, na primeira clase os homes estaban completamente armados (escudo oval, casco, coiraza, lanza, espada e dardo); na segunda levaban un escudo cadrado e na última só loitaban con hondas e pedras.

A reforma serviana suporía tamén a creación dunha asemblea popular: os comicios centuriados, malia que algúns autores consideran que as súas auténticas implicacións políticas virían con posterioridade. Cada centuria tiña un representante

na nova asemblea polo que, en aparencia, establecería un sistema democrático. Non obstante, tratábase dun modelo oligárquico, xa que os grupos máis adifneirados posuían a maioría das centurias: a primeira clase e os *equites* comprendían 98 centurias e todas as demais xuntas só 95. Ademais, estas centurias dos cidadáns con maior capacidade económica votaban en primeiro lugar, determinando o signo das votacións.

Por outra banda, Servio Tulio transformaría as tres tribos existentes, que agora serían catro e adoptarían os nomes das súas respectivas rexións: Collina (de Celio), Palatina, Esquilina e Suburana (de Suburus). Quedaría así conformada a *Roma quadrata*, coincidindo cos catro extremos da *Urbs*. A extensión do *ager romanus* motivaría a creación doutras 16 tribos máis, nas que se incluía a cidadáns propietarios de terras, *quirites*. As tribos de Roma serían, en consecuencia, un total de 20 nesta fase.

Respecto das relacións con outras comunidades, Servio Tulio asinaría unha alianza coas outras cidades do Lacio e formaría unha nova Liga Latina, dominada por Roma. De feito, no seu reinado situaríase o Templo de Diana, símbolo de unión de romanos e latinos no Aventino. En definitiva, o seu reinado identifícase cunha fase na que Roma afianza o seu prestixio na súa contorna.

Por último, este monarca construíu unha muralla que rodearía os sete outeiros (incorporaría os tres últimos: Quirinal, Viminal e Esquilino, co que Roma sería xa a *septimontium*). Esta muralla Serviana sinalaría os «límites urbanos» de Roma para os cincocentos anos seguintes, aínda que a poboación da cidade co tempo se estendeu máis alá destes muros en todas as direccións. Daquela, Roma alcanzaría unha extensión moi considerable, arredor de 285 ha, pouco común na época. Pensemos que Veies ocupaba aproximadamente 242 ha ou Atenas 585 ha.

Tarquínio o Soberbio

Os etruscos estaban agora no cumio do seu poder. Practicamente toda Italia Central estaba baixo o seu dominio e a súa flota dominaba as augas situadas ao oeste de Italia. E fixeron sentir o seu poder cando colonos gregos trataron de establecerse nas illas de Sardeña e Córsega. Polo 540 a. C. librouse unha batalla naval fronte á colonia grega de Alalia. Os gregos foron derrotados e tiveron que abandonar ambas as dúas illas. Sardeña, a máis meridional delas, foi ocupada polos cartaxineses, mentres Córsega caeu baixo o poder etrusco.

A lenda debuxa a Tarquínio *o Soberbio* coma un cruel gobernante. Dionisio refírese a el coma *despotes* ou *tyrannos*, e Livio cualifícao de *superbus*. Gobernaría, ao parecer, coma un déspota, rodeado dunha garda persoal afín e de maneira populista, lonxe da colaboración aristocrática que promovera o primeiro Tarquínio.

En calquera caso, no seu mandato sitúanse grandes proxectos edilicios. En particular, atribúeselle a construción do Capitolio, templo consagrado a Xúpiter. Tamén lle correspondería a reforma do calendario, ligada precisamente con este edificio. A tradición sinala que no ano 509 establece o costume de que o pretor epónimo fixase un cravo (*clavus annalis*) no interior do muro do templo

de Xúpiter. Durante a época republicana estes *clavi capitolini* serán usados para contar os anos.

Parece que a arrogancia de Tarquinio acabou por converter en inimigos seus a todos os poderosos de Roma, os cales esperarían a súa oportunidade para rebelarse. A ocasión presentouse en metade dunha guerra. Tarquinio o *Soberbio* abandonara a pacífica política de Servio Tulio de alianza coas outras cidades latinas. Pola contra, someteu as máis próximas e fíxolles a guerra aos volscos, que habitaban a rexión suroriental do Lacio. Segundo a tradición, mentres seguía a guerra, Sexto, o fillo de Tarquinio, abusou brutalmente de Lucrecia, esposa dun curmán. Esta ultraxe levaría a aristocracia a revólverse contra o monarca, quen acabou fuxindo da cidade no ano 509. Ademais, na cidade etrusca de Clusium o rei Porsena emprendeu o proxecto de apropiarse do Lacio. Ante a presión tributaria imposta por Porsena as comunidades da Liga Latina subleváronse e o expulsaron.

Á marxe da lenda, as cidades etruscas e do Lacio abandonaban por estas datas o réxime monárquico. Pola súa banda, as *poleis* gregas promovían a creación de órganos democráticos, de aí a xeneralización de exércitos hoplíticos. Roma estaba nun contexto similar con familias patricias tradicionais que se enfrontaban con outras novas que aspiraban a dispor de análoga representación política.

En Roma, a caída da monarquía deu paso inmediato ás primeiras maxistraturas elixidas anualmente, como veremos na unidade dedicada á República.

Nas últimas décadas do período monárquico Roma era a cidade máis importante do Lacio. Para completar o seu dominio sobre o territorio firmou pactos cunhas comunidades ou empregou métodos militares con outras. A cifra de 47 comunidades da Liga Latina que se reunían no culto confederal do Capitolio fala do recoñecemento de Roma no Lacio. Tal preponderancia vólvese manifestar no tratado asinado entre Roma e Cartago no ano 508.

3. Institucións de goberno

Á cabeza do goberno situábase o rei, acompañado nas tarefas de mando esenciais pola cámara alta ou Senado. Completan este cadro as asembleas populares. Nesta partado cómpre tamén facer mención á organización da vida relixiosa romana.

O rei (*rex*) representaba a comunidade ante os deuses e dispoñía de autoridade para convocar o Senado ou os comicios polo seu *imperium*. Á morte do rei a autoridade volvía ao Senado, o cal elixía un *interrex*, senador que cumpría de maneira interina as funcións do monarca. A elección do sucesor, presidida polo *interrex*, celebrábase nesta cámara. O rei era un máis dos seus integrantes, ou *patres*, elixido por estes, e era el quen designaba os novos senadores cando xurdía unha vacante.

O goberno do rei de Roma non era absoluto. O peso político recaía sobre os *patres* que formaban o **Senado**, en orixe 100 membros: os máis vellos dos diversos clans ou *gentes* da cidade. Eles eran os encargados de aconsellar o rei. O nome de Senado provén do termo latino *senex*, ancián. O Senado estaba con respecto ao

resto dos romanos na mesma posición que o pai con respecto á súa familia. Como un pai, o Senado era máis vello e máis sabio, e esperaba que as súas ordes fosen obedecidas. Por esta razón, os senadores eran os patricios, da palabra latina que significa pai, *pater*.

Dúas son as **assembleas populares** que neste período monárquico desenvolven un papel significativo. As dúas veñen determinadas pola súa unidade de participación: comicios por curias e comicios por centuria.

Os comicios por curias (***comitia curiata***) reunían os integrantes das tres primitivas tribos. Cada tribo posuía dez curias, polo que en total xuntaban 30 curias. Co paso do tempo, e a aparición de novas tribos, esta asemblea perdeu atribucións e acabou desempeñando un papel meramente simbólico e cerimonial. Entre as súas funcións estaba dar solemnidade á designación dos principais maxistrados, controlar certos actos relacionados coa organización familiar ou nomear sacerdotes.

Sobre o modelo de centuria desenvólvese una nova asemblea política, os ***comitia centuriata*** ou comicios por centurias. Estas unidades desprazan as antigas curias. Integran as centurias todos os cidadáns aptos para o combate, de entre 17 e 60 anos de idade. Como xa vimos, ao falar da reforma atribuída a Servio Tulio, a inclusión nunha centuria vén determinada pola renda, co que o status militar e político depende da condición económica.

Esta nova asemblea, que reunía os representantes militares do conxunto da cidadanía, posuía competencias de tres tipos. En primeiro lugar, electiva, xa que elixía cónsules, pretores e censores. En segundo lugar, lexislativa, ao votaren as leis de declaración de guerra e de potestade censoria (nomeamento dos censores). E, por último, desempeñaba unha competencia xurisdiccional mediante o procedemento de apelación.

Respecto da organización das actividades relixiosas, neste período creáanse os **colexios sacerdotais**. O rei, xefe político e militar, tamén desempeñaba as máximas prerrogativas no ámbito da relixión, pero co tempo, e dada a complexidade das súas obrigas, cedeu parte das súas atribucións. Deste xeito xurdiron os colexios sacerdotais para atender o culto público. O monarca mantén a función augural e a el lle corresponderá coñecer a vontade dos deuses. Entre os diversos colexios están: o dos pontífices, o dos augures, o dos feciais e o das vestais.

Aos pontífices, cargos vitalicios dirixidos por un Pontífice máximo, lles competía o coñecemento do dereito (*ius pontificale*). Esta condición implicaba a capacidade para interpretar as normas que regulaban a conduta da cidadanía. Este colexio sinala os ritos e o calendario cerimonial, así como redacta os *Annales*. Pola súa banda, os *augures* eran os responsables dos auspicios, mentres os *feciales* practicaban os rituais previos a un enfrontamento armado. Por último, as *vestales* conformaban un colexio feminino que atendía o culto a Vesta.

Este cadro complétase con outros sacerdotes, *flamines*, consagrados ao culto dun deus determinado. Sobresaen o *flamen dialis* (sacerdote de Xúpiter) e os *virii sacrorum* (custodios dos libros sibilinos).

4. Sociedade

Cada cidadán romano pertencía a unha tribo e a unha clase social. Como xa sinalamos, a pertenza ás distintas clases sociais viña determinada pola riqueza. Nas necrópoles atopadas compróbase a existencia de tumbas máis suntuosas que indican un sector social con maiores recursos. Pola súa parte, os textos falan de *patres* ou xefes de grandes clans familiares aos que poderían corresponder.

Cada *gens* incluía varias familias nucleares e estas *gentes* estaban sometidas á autoridade do xefe do grupo: o *pater gentis*. As relacións de parentesco están, pois, na base destas agrupacións xentilicias. Co paso dos anos, creáronse novas *gentes* e distinguíronse as máis numerosas e con máis poder doutras máis pobres.

Por outra banda, un amplo sector da poboación libre tiña a categoría de **cliente**, con vínculos de dependencia con estes grandes grupos familiares. Este cadro social de grandes familias cos seus clientes foi o dominante no período monárquico.

En orixe, segundo a tradición, a división do corpo cívico quedou establecida en 3 **tribos**: Ramnes, Tities e Luceres. Para uns autores, estas derivarían de étnicos distintos, mentres outros as equiparan a distritos territoriais. En calquera caso, existiron e tiveron un papel esencial para formar os órganos de goberno e os corpos militares. O corpo cívico, incluído nas tres tribos, subdividíase en 30 curias, 10 por tribo, con fins militares. Cada curia achegaba 100 homes para formar un exército de 3.000 infantés e 30 homes a cabalo para unha cabalería de 300 xinetes. Esta situación cambiaría a partir da reforma atribuída a Servio Tulio, quen, como xa vimos, transformaría o mapa das tribos ata conformar 20, 16 urbanas e 4 rústicas, establecidas a partir dun distrito territorial.

En esencia, a sociedade romana presentaba unha estrutura social altamente xerarquizada, que vai mudar moi lentamente co paso do tempo, e que contempla unha triple división en tres *ordines*.

Orde senatorial: composta polos senadores que gobernaban Roma. Para ser inscrito no censo senatorial era necesario pertencer a unha das familias patricias, acreditar unha determinada fortuna e non ter ningún interese de tipo comercial, xa que os senadores eran unha clase agraria. O escano no Senado era vitalicio e hereditario.

Orde ecuestre: formada polos cabaleiros, a antiga clase militar da cabalería romana. Estes debían tamén acreditar unha determinada fortuna para gozar desta condición e dedicábanse aos negocios.

O resto da poboación constituía a **plebe** ou *plebs*, excluída nun principio dos resortes do poder político dentro do sistema institucional da *civitas* romana.

4. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

Co obxecto de facilitar e racionalizar a docencia da materia empregaranse os seguintes métodos de traballo.

Clases **expositivas** (4 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se presentarán os contidos teóricos da unidade.

Clases **interactivas** (2 sesións dunha hora de duración cada unha), nas que se desenvolverán actividades prácticas relacionadas cos contidos teóricos previamente expostos.

Tutoría personalizada, na que se atenderán todas as cuestións que a unidade suscite ao alumnado de maneira individual.

Nas dúas sesións interactivas realizarase unha actividade na aula que o alumnado terá que entregar á profesora para a súa avaliación de maneira individual. Proponse a **lectura crítica do artigo**: «Los Reyes de Roma entre la leyenda y la historia», J. Martínez-Pinna, *Gerión* (2001), 689-707. <http://revistas.ucm.es/index.php/GERI/article/viewFile/GERI0101110689A/14331> [Dispoñible 15.09.2015]. A partir desta lectura abrirase un debate para dar resposta a unha serie de cuestións esenciais para a comprensión da unidade:

- 1ª Cales son as fontes para o estudo da Roma monárquica?
- 2ª A problemática arredor da validez das fontes textuais do período.
- 3ª Que datos históricos fundamentais poden darse por válidos neste período?

5. AVALIACIÓN

A avaliación da unidade docente estará incluída na avaliación xeral da materia.

Valorarase o rendemento e a aprendizaxe adquirida a través dunha combinación equilibrada entre actividades de carácter formativo e de carácter final. Nas actividades formativas terase en conta o esforzo e o progreso na aprendizaxe e incentivarase a dedicación constante á materia ao longo da unidade. A actividade de carácter final permitirá comprobar os resultados da aprendizaxe.

Desta maneira, na avaliación teranse en conta tres elementos: a participación na aula, as actividades prácticas das sesións interactivas e a proba escrita. A participación na aula suporá un 20% da cualificación, as prácticas o 30% e a proba escrita o 50% da cualificación final desta unidade.

Dada a relevancia desta unidade, a súa cualificación suporá o 15% da cualificación final da materia.

6. BIBLIOGRAFÍA

CARANDINI, A. (1997): *La Nascita di Roma: dei, Lari, eroi e uomini all'alba di una civiltà*, Torino: Einaudi.

COARELLI, F. (2012): *Il Palatino dalle origine all'Impero*, Roma: Edizioni Quasar.

CORNELL, T. (1999): *Los orígenes de Roma, c. 1000-264 a. C : Italia y Roma de la Edad de Bronce a las guerras púnicas*, Barcelona: Crítica.

D'IPPOLITO, F. M. (1997): *Forme giuridiche di Roma arcaica*, Napoli: Edizioni Scientifiche Italiane.

MARTÍNEZ-PINNA, J. (1999): *Los orígenes de Roma*, Madrid: Síntesis.

MARTÍNEZ-PINNA, J. (2001): «Los Reyes de Roma entre la leyenda y la historia», *Gerión*, nº19, 689-797.

- MARTÍNEZ-PINNA, J. (2009): *La monarquía romana arcaica*, Barcelona: Universitat de Barcelona.
- MOMIGLIANO, A. (1989): *Roma arcaica*, Firenze: Sansoni.
- OGILVIE, R. M. (1995): *Le origine di Roma*, Bologna: Il Mulino.
- PLÁCIDO SUÁREZ, D. (1991): *La Formación de los estados en el Mediterráneo occidental*, Madrid: Síntesis.
- POUCET, J. (1985): *Les origines de Rome. Tradition et histoire*, Bruxelles: Publications des Facultés Universitaires Saint-Louis.
- POUCET, J. (2000): *Les rois de Rome. Tradition et Histoire*, Bruxelles: Académie Royale de Belgique.
- SMITH, C. J. (1996): *Early Rome and Latium: economy and society c. 1000 to 500 BC*, Oxford: Oxford University Press.
- VEYNE, P. (1991): *La sociedad romana*. Madrid: Mondadori.
- VIÑAS, A. (2010): *Instituciones políticas y sociales de la Roma antigua*, Madrid: Iustel.
- WISEMANN, T. P. (1995): *Remus, a Roman myth*, Cambridge: Cambridge University.





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

